



Compostela Decide

Orzamentos participativos 2018:

Resultados da votación

Propostas de investimentos e actividades que se incluírán no proxecto de orzamento municipal de 2018

Documento con subsanación de erros [26/10/2017]

Datos de participación

Número de persoas participantes con dereito a voto inscritas no proceso: **3578**

Novas persoas inscritas en 2017: **1850**
(incremento dun 106,06% sobre o ano anterior)

Número de votos totais emitidos para investimentos e actividades: **2054**
(incremento dun 62,88% sobre o ano anterior)

Total participantes que votaron en cada área:

Investimentos municipais: **586**

Investimentos para o rural norte: **246**

Investimentos para o rural sur: **241**

Investimento para a Zona norte: **120**

Investimentos para a Zona sur: **107**

Actividades para a mocidade: **205**

Actividades para as Festas do Apóstolo 2018: **549**

NOTA: As indicacións sobre as persoas ou entidades que se poden encargar de executar as propostas que aparecen citadas nas descricións que as persoas participantes fan da súa proposta non deben ser tomadas en conta. No caso de saír elixida, o Concello de Santiago de Compostela fará a contratación que sexa necesaria conforme ás normas e procedementos aos que está obrigado.

Actividades aprobadas para as Festas do Apóstolo 2018

Do total dos Orzamentos Participativos, 100.000€ euros destinaranse a actividades a desenvolver nas Festas do Apóstolo 2018 que a veciñanza propuxo e decidiu

Código	Número de votos	Puntos obtidos	Orzamento inicial	Orzamento asignado
29	332	1321	50.000€	50.000€

Nome **Bus urbano nocturno durante as festas do Apóstolo**

Descrición Ampliación do horario de bus urbano de xeito que se cubran todas as actividades, incluídos os concertos. Isto axudaría a evitar o colapso de coches habitual nesas datas e as carreiras polos taxis. Por suposto, a proposta sería para todas as liñas, incluídas as do rural. E que os autobuses sexan de Castrosua, se pode ser.

Código	Número de votos	Puntos obtidos	Orzamento inicial	Orzamento asignado
2	174	573	15.000€	15.000€

Nome **Teatro na rúa**

Descrición Organizar un festival de teatro na rúa ao longo das festas do Apóstolo 2018, con actuacións de grupos afeccionados locais por todo o casco vello de Compostela

Código	Número de votos	Puntos obtidos	Orzamento inicial	Orzamento asignado
4	149	493	6.000€	6.000€

Nome **Cine clásico ao aire libre**

Descrición Creo que unha boa iniciativa para as festas do Apóstolo, que pode ir moito máis aló da típica semana, sería levar a cabo un ciclo de cine clásico ao aire libre.

Creo que un bo lugar para facelo podería ser o parque de Bonaval, pois, se é posible, no caso de mal tempo cabría a posibilidade de habilitar o centro galego de arte contemporáneo para proxectar o cine. Creo que unha boa hora de inicio da proxección das películas sería a iso das 21-21:30. Creo que se podría levar a cabo, por exemplo, de luns a venres, durante o mes de xullo, ou que o día do Apóstolo sexa a "escusa" para dar o pistoletazo de saída para o comezo desta actividade e que se leve a cabo maiormente en agosto para que non pareza que todo queda no mes de xullo e agosto no ssexa un mes con posibilidade de lecer.

Considero que debería ser cine clásico o que se proxecte por varias razóns. En primeiro lugar o denominado cine comercial xa tes dabondo canles de difusión como para otorgarlle un máis, ademais ao ser cine clásico non se entraría en conflito con ningún cine ao que se lle puidera "roubar" espectadores. En segundo lugar O cine alternativo máis actual, afortunadamente en Santiago ten cineuropa ou a numax, por exemplo, para poder chegar a veciñanza, pero o cine clásico pode estar máis limitado para un acceso doado para a maioría da xente. Creo que máis ou menos queda explicado a proposta, so engadir algúns títulos que podrían estar nos proxectado nesta actividade:

1º Surcos (José Antonio Nieves Conde) 2º 8 sentencias de muerte (Robert Harmer) 3º Laura (Preminger) 4º Divorcio a la italiana (Pietro Germi) 5º M, el vampiro de Dusseldorf (Lang) 6º Un lugar en el mundo (Aristarain) 7º La princesa Mononoke (Miyazaki) 8º La Huella (Mankiewicz) 9º El hombre tranquilo (John Ford) 10º El cochecito (Marco Ferreri) 11º La evasión (Jacques Becker) 12º Amarcord (Fellini) 13º Mi tío (Tati) 14º Perdición (Billy Wilder) 15º El infierno del odio (Kurosawa) 16º El cebo (Ladislao Vajda) 17º Ruffuffú (Mario Monicelli) 18º Arsénico por compasión (Frank Capra) 19º Banda aparte (Godard) 20º Bienvenido Mister Marshall (Berlanga) 21º Rififi (Jules Dassin)

Código	Número de votos	Puntos obtidos	Orzamento inicial	Orzamento asignado
11	137	475	22.000€	22.000€
Nome	Festival de Folk galego			
Descrición	<p>Creo que sería unha boa oportunidade a de poder contar cun festival de folk galego o máis ambicioso posible dentro das posibilidades que hai dentro dos O</p> <p>A opción que me gustaría sería grupos consagrados como Milladoiro (https://milladoiro.gal/es/), Budiño (http://xosemanuelbudino.com/) Susana Seivane (http://www.susanaseivane.net/ga/web/portada.php) e outros moitos que o Concello pode intentar aportar a este festival, se intercalaran con actuacións de grupos máis descoñecidos xa sexan novos ou leven anos.</p> <p>O cartel final deste festival Folk váleme o que o Concello consiga aínda que non sexan todos ou ningún dos grupos mencionados os que estean, o importante é ese equilibrio entre grupos famosos e descoñecidos para acadar un festival que mereza a pena.</p>			

Código	Número de votos	Puntos obtidos	Orzamento inicial	Orzamento asignado
27	145	454	50.000€	44.000€*

Nome **Festival ao aire libre no parque do Auditorio**

Descrición

O proxecto arquitectónico de Julio Cano Lasso e Diego Cano Pintos non debe ser só entendido unicamente como o edificio, senón un complexo de espazos de representación que inclúe aparcadoiro, o estanque e máis o Parque da Música. Hoxe en día, centros do cultura como o Southbank Centre de Londres ou o Barbican Centre saben do poder amplificador de estender urbanisticamente un contentor cultural máis alá da porta da entrada, programando no espazo urbano a redor, o cal forma parte do mesmo recinto escénico e que consegue chamar, visibilizar e aumentar o número de usuarios, con diferentes tipos de eventos e procesos culturais.

Tanto o parque, como o estanque e o Parque da Música teñen moito potencial de uso, e deben ser usados para abrir o edificio do Auditorio, doutro xeito pechado de costas ao centro da cidade coa súa fachada monolítica e o seu principal acceso por detrás. A obviedade climatolóxica faino potencialmente estacional, pero segue sendo un recurso que está aí no proxecto arquitectónico inicial.

Así como a cidade sabe que a BM (Banda Municipal) ten o seu espazo aberto de representación na Alameda e en Praterías, a RFG pode conseguir a mesma integración no O Centro Cultural do Auditorio debe pensarse como un mapa de recursos, como un espazo urbano dotado de múltiples espazos de representación e de eventos. Auditorio, EAEM, Parque da Música, Finca Vista Alegre,... son un itinerario que debe conectar coa cidade como un centro cultural conxunto, comezando desde o mesmo Obradoiro, rúa de S. Francisco, Pelamios, con sinalética, intervencións artísticas que marquen o roteiro para os visitantes de fóra da cidade (público obxectivo que o Auditorio tamén debe marcarse conseguir).....a través dun novo tipo de programación, encadrada nos meses de primavera-verán, que propoñemos aquí máis concretamente, así como noutros epígrafes.

Propostas para o FESTIVAL DAS ARTES AO AIRE LIBRE NO PARQUE DO AUDITOTIO (aparcadoiro, Parque da Música):

Festival circo e cabaré "O Bosque Animado". Propostas de referencia : <http://www.udderbelly.co.uk>/<http://www.londonwonderground.co.uk/>

Secret Cinema no aparcadoiro (Secret Cinema é un colectivo artístico británico, especializado en experiencias de "cinema ao vivo", que escenifica un filme con actores profesionais e amadores locais, intervindo un espazo urbano e contando coa interacción do público, aos cales se lles piden vestirse e intervir na performance, previa á proxección do filme. Máis info en www.secretcinema.org).

Cine ao Aire libre. Xuño-Xullo. Secret Cinema sería un evento enmarcado dentro deste ciclo.

Solpores de Ópera. Santiago poida que non teña un espazo adecuado para a ópera nin un público tradicionalmente interesado no xénero, pero si existe tal en A Coruña, co Palacio da Ópera. Nun intento de achegar á cidadanía este xénero, de programar novos formatos de eventos e intervir o complexo arquitectónico como espazo de representación, Solpores de Ópera é un ciclo de 3 eventos por tempada nos que proxectar en pantalla tres óperas diferentes sobre a fachada ou diante do estanque do Parque da Música, con acceso gratuíto, programado no mes de xuño ou xullo en semanas consecutivas coincidindo co programa de abono do Palacio da Ópera de A Coruña se fose posible ou proxectando gravacións históricas de óperas afamadas e recoñecibles para o público normalmente non achegado ao formato lírico e clásico (La Traviata, La Boheme, Madame Butterfly, Don Giovanni, etc). Para completar o formato do evento á xente poderá traer a súa comida e bebida, vir en grupos e organizar pic-nics no parque.

Como se ve o tipo de programación é diferente en moitas destas propostas daquelas que normalmente ten cabida nas salas interiores (Sala Mozart, Ángel Brage, Isaac Díaz Pardo, etc). Trátase dun tipo de evento que engancha a público maioritario, que doutro xeito non se tería achegado aos contidos do Auditorio e co cal se pode comezar a conectar para gañar audiencia e usuarios para o propio edificio. O contido interior do edificio estaría integrado igualmente na programación destes eventos exteriores, animando ás audiencias ao seu uso. Ademais hai que pensar de xeito integral a experiencia que o usuario ten dun evento ou dun proceso cultural de este tipo, cn certo carácter performativo, onde se aprende, se expande coñecemento, se xeran ideas e se consegue entretemento á vez que identificación co feito artística. Unha experiencia máis evolutiva e sensorial (incluso servizos de gastronomía e bebida son importantes nos eventos) máis alá da asistencia como mero espectador silencioso a un evento singular (un concerto, unha exposición, unha obra de teatro).

* O Concello destinará a esta proposta 37.000€ a maiores dos que lle corresponderían segundo o reparto dos orzamentos participativos para subsanar as incidencias no reconto de votos detectadas despois da publicación dos resultados

Actividades aprobadas para mocidade

Do total dos Orzamentos Participativos, 100.000€ euros destinaranse a actividades que a mocidade propuxo e votou, e que van formar parte do gasto corrente. Isto significa que se destinarán a actividades que poidan ser desenvolvidas en 12 meses ou menos.

Código	Número de votos	Puntos obtidos	Ponderación*	Puntos finais	Orzamento inicial	Orzamento asignado
1	109	388	5%	407,4	12.000€	12.000€

Nome **Semana do cine ao aire libre**

Descrición Trataríase de proxectar películas en prazas ou espazos abertos da cidade e dos arredores. Por exemplo, algunha sesión podería ser na parte exterior da Cidade da Cultura. Ao final de cada película podería facerse un pequeno debate con micro aberto. Penso que sería enriquecedor que se proxectasen películas alternativas ás máis comerciais, incluíndo filmografía de distintos países. Por exemplo, poderían tratarse temas como a desigualdade de clases a través da peli Machuca, poñer algunha peli de humor (por exemplo Barcelona nit d'hivern) e sobre outras temáticas, incluíndo tamén pelis en galego. Os materiais que se precisarían serían unha pantalla grande e proxector, altavoces, sillas e quizá un micro para o debate. Na medida do posible estaría ben que se realizase en datas onde faga bo tempo para poder estar ao descuberto.

INFORME DE PONDERACIÓN: A mesa de propostas valorou os seguintes elementos: Pola promoción dos dereitos humanos e principios de equidade e xustiza social (identidade, tolerancia, diversidade, etc.), 5 puntos

Código	Número de votos	Puntos obtidos	Ponderación*	Puntos finais	Orzamento inicial	Orzamento asignado
37	73	236	5%	247,8	15.000€	15.000€

Nome **Boas Noites 2018: lecer nocturno para a mocidade. Compartindo talento e creando rede.**

Descrición Darlle continuidade ao programa "Boas Noites", proposta seleccionada nos OP para a mocidade dos anos 2015 e 2016. Variedade de actividades espalladas pola cidade nas noites dos venres e sábados gratuítas para mozas/os, como alternativa ao lecer de consumo. Desenvólvese en colaboración con asociacións e entidades, polo que tamén se fortalece o seu traballo e se proxecta o talento da mocidade compostelá.

INFORME DE PONDERACIÓN: A mesa de propostas valorou os seguintes elementos: Por actividades a desenvolver fóra do centro urbano, 5 puntos.

Código	Número de votos	Puntos obtidos	Ponderación*	Puntos finais	Orzamento inicial	Orzamento asignado
33	50	210	5%	220,5	12.100€	12.100€

Nome **Círculos de lectura: unha crítica social dos medios de comunicación**

Descrición -

INFORME DE PONDERACIÓN: A mesa de propostas valorou os seguintes elementos: Pola promoción dos dereitos humanos e principios de equidade e xustiza social (identidade, tolerancia, diversidade, etc.), 5 puntos

Código	Número de votos	Puntos obtidos	Ponderación*	Puntos finais	Orzamento inicial	Orzamento asignado
36	50	167	10%	183,7	12.350€	12.350€

Nome **Elas tamén pintan**

Descrición Como xa demostramos durante a primeira edición de Elas tamén Pintan, o contexto da arte urbana continúa a ser un territorio fundamentalmente masculino e a historiografía contemporánea non está a facer moito para cambiar esta imaxe. Basta unha simple revisión á historia da arte para atoparnos con numerosas mulleres adicadas á arte urbana nas súas múltiples variantes. E esta primeira experiencia que foi Elas tamén pintan (edición 2017) nos convenceu aínda máis do interese e pontencialidade de achegarnos ao graffiti e ao post-graffiti desde unha perspectiva de xénero, o que nos empodera a seguir loitando para que a cidade e o espazo público non sexan só cousa de homes.

INFORME DE PONDERACIÓN: A mesa de propostas valorou os seguintes elementos: Pola promoción dos dereitos humanos e principios de equidade e xustiza social (identidade, tolerancia, diversidade, etc.), 5 puntos. Pola integración de colectivos de interese social (xénero, minorías, exclusión, etc.), 5 puntos.

Código	Número de votos	Puntos obtidos	Ponderación*	Puntos finais	Orzamento inicial	Orzamento asignado
22	49	168	5%	176,4	5.000€	5.000€

Nome **Feminismo para a mocidade**

Descrición Este obradoiro pretende achegar á mocidade de Compostela unha formación para familiarizarnos co feminismo e coas boas prácticas que este conleva de cara a millorar as nosas relacións interpersoais, grupais e, por ende, o noso benestar persoal.

Formamos parte dunha sociedade na que reproducimos xestos, actitudes e discursos que fortalecen a estrutura patriarcal. Moitas destas prácticas son habituais ata o punto de que nos resultan difíciles de detectar no día a día. No entanto, estes comportamentos teñen consecuencias na vida das persoas. Construír espazos despatriarcalizados pasa necesariamente por visibilizar e afrontar individual e colectivamente estas formas de estar e de participar na sociedade.

O obradoiro «Xénero, poder e feminismo: transformando as relacións e os coidados nos grupos» artículase como un convite, un espazo para reflexionar e tomar consciencia coa mocidade de como a construción diferencial de xénero inflúe no funcionamento dos grupos humanos, nos vínculos interpersoais e no noso benestar.

Querendo chegar a un núcleo amplo da mocidade compostelá, propoñemos dous obradoiros de 12 horas cada un para asegurar un número de 40 asistentes.

Cada obradoiro ten unha duración de 12 horas e será impartido por unha equipa interdisciplinar de tres profesionais con ampla experiencia na facilitación de grupos e na educación feminista.

Para máis información achegamos un dossier explicativo.

INFORME DE PONDERACIÓN: A mesa de propostas valorou os seguintes elementos: Pola promoción dos dereitos humanos e principios de equidade e xustiza social (identidade, tolerancia, diversidade, etc.), 5 puntos.

Código	Número de votos	Puntos obtidos	Ponderación*	Puntos finais	Orzamento inicial	Orzamento asignado
24	54	166	5%	174,3	9.400€	9.400€

Nome **Hortaliza -TE (Hortas ecolóxicas e formación para a Mocidade)**

Descrición Coa proposta Hortaliza-te lanzamos un proxecto que procura facilitar á mocidade os coñecementos para crear a súa propia horta ecolóxica de autoconsumo con produtos de tempada. Consideramos que a zona do barrio de Almáciga conta cunhas hortas ben xeitosas nas que poderíamos dar cabida a este proxecto, que levará a horta da semente ó noso prato. Buscaríamos un par de parcelas nas que poder levar a cabo sesións teórico-prácticas, preparando o terreo entre todxs e compartindo os produtos resultantes cos participantes e a propia cidadanía da contorna. É unha horta aberta que facemos entre todxs, e da que todxs nos beneficiamos.

O proxecto constaría de 3 fases, cun total de 80 horas de docencia con dous expertos na materia que se encargarían durante outras 74 horas de facer un seguemento do espazo, para que a horta non esté desatendida en ningún momento. Ademais disto, a propia actividade serviría como punto de asesoramento no tema dos cultivos da mocidade de Compostela, de maneira que axudemos a tanta xente como sexa posible. Habilitaremos tamén unha canle en YouTube ou Vimeo, de maneira que quede un rexistro do que se fai na horta e poidades realizar consultas por Internet se tedes interese.

A idea duraría 9 meses, e o gasto inclúe todo o necesario para facer realidade o proxecto, cun estudo económico solvente xa realizado e pechado. Só necesitamos un pouquiño de apoio para sacar adiante isto, que poderá axudar a moitísimas persoas a través dunha formación de calidade, práctica e aplicable nas súas vidas. Moitas grazas!

INFORME DE PONDERACIÓN: A mesa de propostas valorou os seguintes elementos: Pola promoción dos dereitos humanos e principios de equidade e xustiza social (identidade, tolerancia, diversidade, etc.), 5 puntos.

Código	Número de votos	Puntos obtidos	Ponderación*	Puntos finais	Orzamento inicial	Orzamento asignado
34	39	157	-	157	5.800€	5.800€

Nome **Voluntarios no audiovisual**

Descrición Rede de voluntarios de rodaxes audiovisuais.

Código	Número de votos	Puntos obtidos	Ponderación*	Puntos finais	Orzamento inicial	Orzamento asignado
20	38	128	10%	140,8	8.650€	8.650€

Nome **Re/Descubrir o rural. Programa de arte e laboratorio de creación de Land Art**

Descrición Os movementos de expresión artística como canle de comunicación social adoitan estar ligados ao espazo urbán. O laboratorio de Land Art xurde como contrapunto a este feito e pon en valor os recursos naturais da zona rural do Concello de Santiago de Compostela achegándoos a mozas e mozos. [O Land Art é unha corrente da arte contemporánea que emprega os recursos orgánicos dos espazos naturais co fin de crear pezas artísticas efémeras que xeren unha emoción no espectador e interactúen na súa cotidianidade].

No programa de formación Re/Descubrir o Rural darase a coñecer esta corrente artística para logo poñela en práctica na contorna natural de Compostela nun segundo momento e crear, nunha última fase, unha imaxe identificativa do noso contexto rururbano que trasladar coa mocidade ao resto da cidadanía.

Queremos non só xerar intervencións naturais e artísticas no rural, senón tamén poñer en valor o noso singular contexto e a súa riqueza no espazo urbano, o que se fará a través dunha técnica tradicional como a cianotipia nun medio tan contemporáneo como a moda urbana.

INFORME DE PONDERACIÓN: A mesa de propostas valorou os seguintes elementos: Pola promoción dos dereitos humanos e principios de equidade e xustiza social (identidade, tolerancia, diversidade, etc.), 5 puntos. Por actividades a desenvolver fóra do centro urbano, 5 puntos.

Código	Número de votos	Puntos obtidos	Ponderación*	Puntos finais	Orzamento inicial	Orzamento asignado
47	42	124	8%	133,92	15.000€	15.000€

Nome **Jam de barrio. Música de proximidade**

Descrición A parte principal e corazón da proposta é a realización de 5 concertos con jam session final e actividades paralelas en barrios non céntricos de Compostela, cada sábado de xuño en pequenas prazas ou espazos que cumpran a condición de ser especiais na sociabilidade cotiá dese barrio, ou mesmo para revalorizar o seu uso pola xente do barrio. As bandas serán escollidas entre o recente censo oficial de proxectos musicais de Compostela e comarca, na plataforma web Compostela é Música

As jam session, no mundo da música profesional, son por definición o formato de espectáculo musical improvisado onde músicas e músicos de todo o mundo soben ao escenario para improvisar xuntos aínda que nunca tiveran tocado xuntos.

Co ánimo de aunar música e nova xestión cultural, propoñemos a JAM DE BARRIO, unha proposta que gostamos de subtítular como “música de proximidade”, poñendo o foco por un lado nun encontro entre músicas/os locais, con espazo para dialogar sobre a música en Compostela e tocar xuntos e xuntas pero tamén para estender o concepto de concerto a un foco máis inclusivo e amigable nas novas prácticas relacionais cos públicos, buscando a presenza veciñal, un ambiente familiar e interxeracional, a proximidade e interacción entre músicos e público, crear espazo amigable para nenas e nenos, usar palcos escénicos baixos e próximos ao público, implicar a diversos axentes e institucións musicais da cidade, desagregar o horario nocturno dos concertos e disociar o consumo de alcohol da música ao vivo, fomentando hábitos saudables, boas prácticas cívicas nos espazos que se realiza e coresponsabilidade no uso e goze do espazo público.

En cada concerto-jam faise unha labor de investigación previa do barrio, a nivel urbanístico, socioeconómico, equipamentos públicos e sociolóxico da relación entre os habitantes e espazo público (explicado con máis detalle abaixo), para detectar as necesidades do barrio onde a Jam de Barrio poida colaborar a mellorar, desde escoller espazos para ser revalorizados, contar cos equipamentos socioculturais do barrio, ata usando a memoria viva do barrio para rescatar ou homenaxear músicos ou bandas que naceron e tocaron nalgun momento da Historia do barrio, todo partindo da identidade propia que o barrio aporta á cidade.

Por outra banda e como actividade paralela asociada ás jam session, levarase adiante un obradoiro semestral no Centro Xove da Almaciga (ou nos CSC dos barrios) de xaneiro a xuño dirixido á mocidade (ata 35 anos) para montar bandas musicais locais con xente nova dos distintos barrios onde se suceda cada jam . Leva por nome Obradoiro de Combo Musical “Monta a túa banda”.

Cada jam e cada barrio terá a súa propia banda e terá a posibilidade de participar no concerto - jam session de xuño tocando 2 temas preparados ex-profeso durante o obradoiro e a maiores posibilidade individual de cada músico por separado de tocar cos músicos profesionais durante a parte final, ou sexa, na jam session propiamente, compartindo escenario cos músicos profesionais contratados para esa jam session. Establecemos así algo moi necesario e inexistente no circuíto musical da cidade: una canle e un itinerario que conecta o mundo dos músicos amadores e afeccionados co mundo dos músicos profesionais, facéndolles vivir a experiencia a músicos emerxente de traballar nun entorno profesionalizado por primeira vez.

INFORME DE PONDERACIÓN: A mesa de propostas valorou os seguintes elementos: Pola promoción dos dereitos humanos e principios de equidade e xustiza social (identidade, tolerancia, diversidade, etc.), 5 puntos. Por actividades a desenvolver fóra do centro urbano, 3 puntos.

Código	Número de votos	Puntos obtidos	Ponderación*	Puntos finais	Orzamento inicial	Orzamento asignado
40	33	124	5%	130,2	5.550€	4.700€

Nome **Corta Coas Desigualdades**

Descrición Programa de sensibilización sobre igualdade a través da vídeo-creación en institutos. Examinarase co alumnado as diferencias de xénero na vida cotiá dos e das rapazas e investigarase o tratamento dos roles de xénero na cultura. A través da creación audiovisual traballaremos a empatía e a expresión das emocións. Usaremos os traballos finais para sensibilizar ao entorno sobre a problemática. O orzamento por insituto (3 grupos diferentes) será de 1.850€ cunha duración de 4 meses.

INFORME DE PONDERACIÓN: A mesa de propostas valorou os seguintes elementos: Pola promoción dos dereitos humanos e principios de equidade e xustiza social (identidade, tolerancia, diversidade, etc.), 5 puntos.

Investimentos municipais aprobados

Son investimentos útiles para o conxunto do municipio, que abranguen zonas amplas da cidade ou que afectan a varias áreas. A partida a debate e decisión no proceso de orzamentos participativos nesta área é de 400.000€ euros.

Código	Número de votos	Puntos obtidos	Ponderación*	Puntos finais	Orzamento inicial	Orzamento asignado
31	228	928	28%	1187,84	30.000€	30.000€

Nome **A bici pacifica Compostela (CicloCompos)**

Descrición O obxectivo das propostas concretas que se describen neste documento tem como eixo fundamental a adaptación do tránsito urbano ás necesidades dos usuarios de bicicletas. Esta adaptación fai-se fomentando a cultura de responsabilidade e cooperación entre os usuarios das vías urbanas e a pacificación do tránsito a favor do uso ciclista.

A seguir, listamos e orzamentamos as primeiras medidas básicas que se podem levar a cabo a curto prazo:

1. Ordenanza municipal para a pacificación do tránsito e coabitación entre bicicletas e automóveis, acompañada da creación da sinalética apropiada que regule as seguintes novas normas para todo o casco urbano compostelano:
 - a) A presenza de una bicicleta na calçada obriga a reducir a velocidade máxima dos vehículos a motor a 30 km/h (nom se pode adiantar una bici a una velocidade superior a 30km/h).
 - b) As/os ciclistas devem usar o centro do seu carril em baixadas ou quando circulem a velocidades próximas a 30 km/h (que nom deveriam ultrapassar em zonas urbanas).
 - c) As principais ruas da cidade estarán equipadas con sinalética que lembre as duas normas acima indicadas: por exemplo, sinais con una bicicleta em fondo azul e o sinal de prohibido circular a mais de 30.
 - d) Creación de áreas próximas aos semáforos prioritarias para bicicletas e ciclomotores (debuxos pintados ao pé dos semáforos).
 - e) Creación de novos espazos e aparcadoiros de bicicletas, especialmente no casco antigo.

Investimentos concretos que deve cubrir o orzamento do punto 1:

- Compra e instalación da sinalética adecuada,
- pintar as áreas próximas aos semáforos,
- creación de aparcabicis

Total punto 1: 15000€

2. Novo pulo ao combibici (servizo público de aluguer de bicis): promoción do servizo con a oferta de accesorios fundamentais para a seguridade das/dos ciclistas: chalecos de visibilidade, luces de reforzo, etc. Tamém se promocionará o aluguer ou empréstimo de elementos adaptados ás condicións particulares da cidade: chubasqueiros e calças para a chuva, assim como 10 bicis eléctricas para facilitar a circulación em costas pronunciadas por parte das/dos ciclistas menos experientes ou mais idosos (maiores de 50 anos). Este tipo de ofertas e promocións deverám reforzar-se con campañas publicitarias municipais. O obxectivo é dar un novo pulo ao servizo, pouco activo nos últimos anos.

Investimentos concretos que deve cubrir o orzamento do punto 2:

- compra de accesorios de regalo para bicicleta de aluguer: chalecos, reflectantes, chubasqueiros, pantalóns de chuva...
- compra de 10 bicis eléctricas para o servizo de aluguer
- aumento das estacións de servizo de aluguer

Total punto 2: 15000€

